

**ACTA Nº 17/2017 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 26 DE
DECEMBRO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/20.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

INTERVENTORA : D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

ÍNDICE:

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria..... Páx.3
- 2.- Expediente 2402/2017. Expediente de interposición de recurso de alzada contra a denegación de declaración do ENIL Fraga de Casas Vellas..... Páx. 3

Sendo as dezaioito horas e quince minutos do martes, **día 26 de decembro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Non asiste a Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes que representan a cinco (5) de CXG-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito e dez (10) do PP.

Xa que logo, **RATIFICOUSE A URXENCIA** da presente sesión extraordinaria e urxente por non cumprirse os prazos previstos, considerando os motivos e as razóns expostas na resolución da Presidencia do día da presente convocatoria e que se resumen no punto 2º da presente orde do día.

2.- EXPEDIENTE 2402/2017. EXPEDIENTE DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A DENEGACIÓN DE DECLARACIÓN DO ENIL DA FRAGA DE CASAS VELLAS.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. De seguido á súa indicación o Sr. Secretario explicou o contido da mesma., indicando que a resolución veu o día 28d-11-2017 e o prazo de interposición do recurso de alzada remataba o día 28-12-2017. Sendo que a sesión ordinaria correspondía celebrala o 29-12-2017, houbo unha xunta de voceiros na que se viron as dúas opcións: Unha adoptar o acordo por resolución da Alcaldía, ratificándose posteriormente: ou a segunda, a adopción de acordo do Pleno. Optouse por esta segunda.

Tras pedir o voceiro da oposición, o Sr. **Crespo Iglesias** do PP, que o grupo de goberno dera as explicacións, *D^a Celia Alonso Caramés* explicou que era obrigado interpoñer recurso de alzada, tras o expediente tramitado e os escritos contrapostos da propia Consellería. O espazo de Casas Vellas era un ecosistema unido ao Monumento Natural da Fraga da Catasós. Insistiu de novo na contradición de dous documentos: nun documento dicía que si nun; e noutro dicía que non.

Coidaba que o Concello acreditou e valorou a antigüidade das árbores, e a existencia dun ecosistema, co fin de protexer o Monumento Natural. O recurso recollía todo, e mesmo a foto

de 1950 amosa que había aprobado. Tamén se remitiu á declaración de impacto ambiental e a outra foto de 1914. Parece que había que volver a realizar outro estudo de impacto ambiental. De todos os xeitos coidaba que había un ecosistema que protexer e por elo o técnico da Xunta de Galicia tería que vir a Lalín e comprobar. Finalmente indicou que se remitiron contratos de arrendamento de hai tempo e que había que velos.

Polo PP, D. **Xosé Crespo Iglesias**, destacou que na tramitación do expediente o ENIL había lagoas importante. Eles estaban en desacordo coa forma en que se tramitou o expediente, aínda que estaban a favor do ENIL.

O Sr. Alcalde, D. **Rafael Cuiña Aparicio**, indicoulle que eles se abstiveron no acordo municipal.

Seguiu a falar, D. **Xosé Crespo Iglesias** indicando que eles cando gobernaban encargaron un estudo botánico que agora non se aportou. Había unha cousa que faltou: a xestión. Faltaba, e non entendía que non se responderá no prazo ás alegacións presentadas. Tampouco entendía que baixo o otrosi se aportasen documentos a modo de aclaración que antes non se presentaron, como os informes do Consello de Cultura Galega, de Botánica, o informe do Valedor do Pobo, a sentenza, copia do estudo fotográfico e unha fotografía. Por que non estaba na documentación inicial que se presentou?. Ao mellor si estivese, estaría declarado o ENIL.

O recurso de alzada e una vía razoable, pero servía para o que estaba. Non se poden presentar documentos ou novos elementos que non se presentaron antes. Leu a estes efectos artigo 118 da LPA Agora se presentaban como novos, aínda que se dicía que era a modo de aclaración. Coidaba que había moitas lagoas e contradicións no expediente do ENIL e rematou indicando que: ogallá prospere!

De novo D^a. **Celia Alonso Caramés**, dixo que eses documentos se enviaron, e agora había que cumprir cos trámites. Algunha cousa en fase primitiva si que se enviou.

O Sr. *Secretario* dixo que no propio recurso se indicaba que non se aportaban, porque non se podía aportar e o art. 118 LPA dicía iso. Agora se metían como aclaración, xa que se mencionaban na documentación inicial.

D. **Juan José Cruz García**, como non adscrito. Dixo estar de acordo co dito polo PP. En rogos e preguntas da sesión anterior tamén leu o art. 118 da LEP. A moción requiría informes técnicos e informar aos veciños. Houbo críticas ao documento e a un departamento que non cumpriu os prazos. Faltaba o informe que acreditase o Plan de Conservación, faltaba, co custe nos vindeiros dez ou quince días.

Amouse partidario de crear unha mesa de negociación con Unión Fenosa. El estaba aberto. Era moi difícil negociar. Era un tema espinoso. Tamén estaba a Deputación Provincial. Amosouse favorable a colaborar e sentarse a negociar co mesmo goberno do Estado, aínda que lle quedaba grande ese tema.

Non sabía se sería necesario contar cun informe técnico e xurídico neste caso, porque parecía que había algo de soterramento no expediente.

D^a **Celia Alonso Caramés** indicou que na Memoria si que constaba esa documentación e figuraba desglosada; a documentación si existía. En canto ao Plan de Conservación era un trámite posterior.

De novo falou D. **Juan José Cruz García** indicándolle que lle daba entón a razón D^a

Celia.

Denotaba que non había moito interese no grupo de goberno no ENIL. De todos os xeitos había que evitar caer no ridículo e non facer esaxeracións. Lembrou que había un proxecto de *Martiño Nercellas*. En cambio o goberno municipal elixiu a unha bióloga, a *Sr^a. Casalderrei*, que era un goberno de amigos para os amigos. Non tiña mais que dicir. O Alcalde non o podía dicir. Pero habería que pedir a dimisión de todos os edís do PSOE neste caso, e coidaba que a bióloga encargada non defendeu suficientemente o caso.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que todos os membros do grupo de goberno traballaban mesmo quince horas ao día. O PP traballa algo, e o edil non adscrito actuaba como vaguete.

De novo **D. Juan Cruz García** dixo que era o único argumento do Sr. Alcalde, o de vaguete. Lembrou que á vista de que se lle ía dar nome ao Auditorio de Vilatuxe da petición da Banda de Música dun nome concreto e de que non se respectaba a lei, ao mellor haberá que tomar medidas xudiciais.

O Sr. *Secretario* indicou que este era un tema complexo para estudar e debater. Lembrou que había varias partes con posturas difíciles de entender, en concreto a de Unión Fenosa cun recurso de apelación contra unha sentenza xa ditada, a dos veciños e a das asociacións ecoloxistas. Volveu insistir en que era un tema complexo e isto deberan elo en conta os grupos políticos.

Tras as deliberacións, e sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) dos que dez (10) foro do grupo de goberno, sendo cinco (5) de CXG-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, aprobouse a proposta e adoptouse o seguinte acordo:

“Interpoñer un Recurso de Alzada diante da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, contra a Resolución de data 17 de novembro de 2017, entrada municipal o día 28 de novembro de 2017, ditada no expediente:

Expediente: MT818^a-2016-12-01.

Promotor: Concello de Lalín.

Procedemento: Autorización de actuacións en espazo naturais protexidos. Solicitud de ENIL da zona denominada “Fraga de Casas Vellas”, e pola que se denega a solicitude formulada pola Dirección Xeral da Conservación da Natureza, co seguinte:

D. RAFAEL LUIS CUIÑA APARICIO, con DNI nº, 76.814.913-I na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín (Pontevedra), por medio do presente escrito e no expediente arriba referenciado de SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACTUACIÓN

EN ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS por medio do presente presenta **RECURSO DE ALZADA** diante da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, con fundamento nas seguintes consideracións:

I.- **LEXITIMACION.**- O Concello de Lalín está personado no expediente enriba indicado, sendo o promotor do mesmo. A estes efectos de acordo co disposto no Decreto 124/2005, de 26 de maio, mediante acordo do Pleno de 1 de decembro de 2016 solicitou a **DECLARACIÓN DE ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL do lugar coñecido como FRAGA DE CASAS VELLAS.**

A resolución que se dita no expediente, de data de 17 de novembro de 2017, ten rexistro de entrada neste Concello de Lalín o día 28 de novembro de 2017, concedendo o prazo dun mes para a interposición do recurso de alzada. Esta data rematará o día 28 de decembro de 2017. O Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, acordou a interposición do presente recurso de ALZADA.

II.- Que formula o mesmo en prazo e forma, como esixe a normativa de procedemento administrativo común.

O presente recurso **INTERPONSE** tendo en conta os seguintes:

A N T E C E D E N T E S

Primeiro.- Mediante solicitude deste Concello, acordada na sesión plenaria de 1 de decembro de 2016, solicitouse á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a declaración do ENIL do lugar coñecido como Fraga de Casas Vellas.

Acompañouse á mesma a documentación que esixe o artigo 3 do Decreto 124/2005, de 6 de maio.

O motivo é a salvagarda e a protección da FRAGA DE CASAS VELLAS, un espazo que

reúne valores ambientais e naturais.

Indícase tamén como outro dos motivos desta solicitude de ENIL a defensa da zona en contra do proxecto da LAT O Irixo-Lalín que Unión Fenosa Distribución ten proxectado conseguir.

Segundo.- Tras a tramitación procedente, no escrito do Servizo Provincial de Conservación da Natureza, tras mencionar que cumpre o expediente os requisitos do artigo 3 da disposición anterior, sinálase que:

Será necesario contar .. co compromiso escrito dos seus propietarios no que se reflecta a aceptación e asunción por parte deles dos usos e actividades que se vaian realizar nas súas fincas, como consecuencia da declaración do espazo.

Terceiro.- Tras a solicitude de informes, especialmente á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ese organismo volve a solicitar un novo informe referente ao réxime xurídico aplicable á zona de Casas Vellas.

Tamén solicita informe á Consellería de Economía e Industria, referente ao proxecto modificado da LAT 21232 KV o Irixo-Lalín, promovido por Unión Fenosa Distribución S.A.

Consta que o 9-5-2014, a Consellería de Economía e Industria autorizou administrativamente esa instalación eléctrica LAT 132 KV.

Cuarto.- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinala que:

A categorización como solo rústico de especial protección de espazos naturais procederá unha vez que se produza a declaración definitiva como espazo natural de interese local. En consonancia co previsto na lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no momento no que o plan de conservación prevalecerá sobre o planeamento urbanístico e determinará, no seu caso, as revisións dos plans territoriais ou sectoriais que sexan incompatibles, con el, cuestión que esta que non pode ser concretada agora, debendo ser obxecto de análise, unha vez sexa aprobado definitivamente o dito plan de ordenación.

Quinto.- A Dirección Xeral de Conservación da Natureza solicitou a este Concello que acreditara, entre outras cuestións, a certeza e a existencia de árbores antigas dentro do ámbito do ENIL, e especialmente as que se atopaban baixo a traza da liña.

O Concello remitiu á documentación solicitada e presentou de novo a Memoria Técnica, engadindo os documentos sobre os títulos de propiedade das parcelas, contratos de arrendamento de determinadas fincas.

Na resolución ditada expresamente se indica que non se aportou a documentación requirida.

Sexto.- Na fase de exposición e información o pública, presentáronse alegacións de a) *D. Manuel Taboada Estévez, de D. Luis Taboada Estévez, e José Taboada Estévez;* b) *D. Maximino Ferradás Gómez e Dª Flora Gómez Taboada.* c) *Asociación de Petón do Lobo, Cova da Crea e o Ouriol de Anllóns;* d) *Unión Fenosa Distribución S.A.*

- As alegacións opóñense á declaración do ENIL e solicitan a exclusión das propiedades do 25 % dos terreos aos que din que representan, sinalando a redución dos usos tradicionais que suporá a declaración do ENIL.

-Unión Fenosa Distribución SA sinala que coa declaración do ENIL se afectan a dereitos que ostenta derivados do proxecto da LAT 132 KV O Irixo-Lalín, denunciando a inseguridade xurídica que suporá esta declaración. Solicitan a desestimación da solicitude do ENIL, ou que queden fora da declaración do dito espazo os terreos afectados pola dita LAT.

Sétimo.- Remitidas a alegacións ao Concello de Lalín, e rexistradas o 14-7-2017, o día 2 de agosto de 2017, o Concello pide unha ampliación de prazo o día 31 de xullo para contestar ás ditas alegacións.

Contesta a Dirección Xeral de Conservación da Natureza o 17 de agosto de 2017, nº rexistro municipal de entrada 6313, a Resolución de data 8 de agosto de 2017, indicando que está fora de prazo a solicitude remitida polo Concello.

Oitavo.- O Concello en data 2 de outubro de 2017, por medio da Xunta de Goberno

Local adopta acordo para remitir á Consellería, solicitando o rexeitamento das alegacións formuladas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

PRIMEIRO.- O expediente en debate ven referido a unha zona da parroquia de Catasós, Concello de Lalín, que se cuestiona, ámbito determinado na solicitude, coñecido como FRAGA DE CASAS VELLAS. Este é o ámbito de protección.

Coidamos que este espazo delimitado na Memoria Técnica reúne as condicións e características para ser considerado como ENIL. Elo é así porque conta con elementos e sistemas naturais de interese singular propio e posúe a condición de espazo integrado con singularidades propias que xustifican un grao de protección aos seus valores naturais.

Na Memoria Técnica aportada coa petición inicial e posteriormente no requirimento realizado recóllense unha serie de elementos e de valores naturais que deben ser obxecto de protección.

No dito documento, no punto 8, consta un estudo segundo as versións actualizadas do **Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, do Catálogo Galego de Galego de Especies Ameazadas e da Lei de Patrimonio Natural e da Biodiversidade**, dando como resultado a non existencia a nivel de flora de especies ameazadas.

O interese, tal e como destaca a bióloga que asina a Memoria, **D^a MARIA DEL CARMEN CASALDERREY PEÑEIRO**, aínda que o traballo de campo realizouse conxuntamente co Técnico municipal, tamén biólogo, radica fundamentalmente na presenza da súa diversidade vexetal, predominando na súa maior parte as especies autóctonas tanto da fauna coma da flora e a paisaxe. Todo elo configura un conxunto que merece unha protección especial, máxime partindo que o obxectivo é conservar os seus recursos naturais de agua, flora, fauna e paisaxe.

En concreto e a modo de reiteración, posto que xa figura na Memoria Técnica aportada xunto coa petición inicial, e posteriormente, a requirimento de documentación, mencionamos o

seguinte:

BOSQUE DE RIBEIRA:

Definida como o espazo vexetal que establece o límite entre o río e o seu entorno, constituíndo unha zona de transición entre os sistemas terrestres e acuáticos do cauce do río, presenta unhas características ecolóxicas singulares e diferenciados.

Esta vexetación de ribeira cumpre unha serie de funcións específicas que fai que sexa de especial interese para a zona de estudo na que se atopa. Entre estas funcións están a de aumentar considerablemente a resistencia a erosión, creando tramos de río mais estables e con menor risco de desbordamento.

Outra das funcións é que este tipo de vexetación retén parte dos sedimentos e absorbe boa parte dos nitratos, evitando a contaminación das augas e aportando unha maior conservación ao leito fluvial.

Ademais de todos estes beneficios, esta vexetación presenta un especial interese paisaxístico e ofrecen ao home unha serie de valores como un microclima máis agradable por fresco e húmido en épocas secas.

Con respecto aos hábitats inventariados na zona, localízanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río, e varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), correspondentes ao anexo 1 da Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992.

Segundo o Inventario Nacional da Biodiversidade, atoparíanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río, varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), Breixeiras Húmidas Atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica Tetralix* (4020*) e Prados pobres de sega de baixa altitude (6510).

Neste sentido, a afección sobre os hábitats de carballeiras (9230) e soutos (9260) provocada pola LAT ao seu paso pola parroquia de Catasós na coñecida Fraga de Casas Vellas, dá orixe a unha afección moi grave sobre o estado de conservación destas masas, ao provocar a súa redución superficial, a súa fragmentación e illamento, alterando a estrutura e as funcións ecolóxicas dun

bosque nativo. A alteración debe, ademais, considerarse como permanente, xa que os protocolos de actuación establecidos para a vexetación que se desenvolve baixo as catenarias e a súa zona de protección non resultan compatibles co mantemento dun estado de conservación favorable do sistema boscoso.

HÁBITATS PRIORITARIOS	HÁBITATS NON PRIORITARIOS
Breixeiros húmidas atlánticas de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> (4020▼)	Ríos, de pisos de planicie a montano con vexetación de <i>Ranunculion</i> (3260)
Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (91EO▼)	Breixeiros secas europeas (4030)
	Prados pobres de sega de baixa altitude (6510)
	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i> (9230)
	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> (8230)

No tocante á súa fauna fíxose valoración das aves, peixes, anfibios, réptiles, mamíferos así como tamén a valoración de invertebrados. Ese inventario fíxose segundo as versións actualizadas do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (derradeira actualización 3/9/2015), do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Avifauna:

CNEA: Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Real Decreto 139/2011).

CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007)

Lei 42/2007: do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

IE: Interese especial.

Anexo IV: da Lei 42/2007, das especies obxecto de medidas de conservación especiais en cuanto o seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.

CE: Conservación especial.

PE: Perigo de Extinción.

V: Vulnerable.

VALORACIÓN			
Especies: AVES	CNEA	CGEA	Lei42/2007
Ardea cinerea	IE		
Pernis apivorus	IE		
Milvus migrans	IE		Anexo IV (CE)
Circus cianeus	IE		
Circua pygargus	IE		
Falco peregrinus			Anexo IV (CE)
Vanellus vanellus		PE	
Gallinago gallinago		PE	
Caprimulgus europaeus			Anexo IV (CE)
Apus apus			
Alcedo atthis			Anexo IV (CE)
Picus viridis	IE		
Dendrocopos major			
Galerida cristata	IE		

Ptyonoprogne rupestris	IE		
Prunella modularis	IE		
Hippolais polyglotta	IE		
Sylvia undata			Anexo IV (CE)
Regulus ignicapilla	IE		
Ficedula hypoleuca	IE		
Parus cristatus	IE		
Parus ater	IE		
Parus caeruleus	IE		
Lanius collurio			Anexo IV (CE)
Fringilla coelebs	IE		

Outros vertebrados:

CNEA: Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Real Decreto 139/2011).

CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007).

Lei 42/2007: do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Anexo II: da Lei 42/2007, de especies de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación (ZEC).

Anexo V: da Lei 42/2007, especies de interese comunitario que requiran unha protección estrita (EPE).

Anexo VI: da Lei 42/2007, especies de interese comunitario (IC) cuxa recollida na natureza e cuxa explotación poden ser obxecto de medidas de xestión.

IE: Interese especial.

V: Vulnerable.

VALORACIÓN				
Especies	Endemismos	CNEA	CGEA	Lei 42/2007
VERTEBRADOS				
<i>Pseudochondrostoma duriense</i>	si			
<i>Triturus boscai</i>	si	IE		
<i>Triturus helveticus</i>		IE		
<i>Discoglossus galganoi</i>	si			Anexo II(ZEC) e Anexo V(EPE)
<i>Alytes obstetricans</i>				Anexo V(EPE)
<i>Rana temporaria</i>				Anexo VI (IC)
<i>Rana iberica</i>				Anexo V (EPE)
<i>Pelophylax perezi</i>				Anexo VI (IC)
<i>Lacerta schreiberi</i>				Anexo II(ZEC) e Anexo V (EPE)
<i>Malpolon monspessulanus</i>	si			
<i>Coronella austriaca</i>		IE		
<i>Galemys pyrenaicus</i>		V	V	Anexo II (ZEC) e Anexo V (EPE)
<i>Talpa occidentalis</i>	si			
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		V	V	Anexo II (ZEC)
<i>Rhinolophus hipposideros</i>			V	Anexo II (ZEC)
<i>Barbastella barbastellus</i>				Anexo II (ZEC)
<i>Felis silvestres</i>				Anexo V (EPE)
<i>Genetta genetta</i>				Anexo VI (IC)

Mustela putorius				Anexo VI (IC)
Lutra lutra				Anexo II(ZEC) e Anexo V (EPE)

Invertebrados:

⌚ **CNEA:** Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Real Decreto 139/2011).

⌚ **CGEA:** Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007).

⌚ **Lei 42/2007:** do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

⌚ **Anexo II:** da Lei 42/2007, de especies de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación (ZEC).

⌚ **Anexo V:** da Lei 42/2007, especies de interese comunitario que requiran unha protección estrita (EPE).

⌚ **IE:** Interese especial.

⌚ **V:** Vulnerable.

VALORACION			
INVERTEBRADOS	CNEA	CGEA	Lei 42/2007
Oxygastra curtisii	V		Anexo II (ZEC) e Anexo V (EPE)
Cerambyx cerdo			Anexo II (ZEC) e Anexo V (EPE)

Como podemos observar nas táboas de valoración no espazo que se pretende conservar temos endemismos, especies vulnerables, especies de interese especial así como zonas ZEC, EPE e IC, todas elas definidas nas súas versións actualizadas dos Catálogos Nacionais de Especies Ameazadas, Catálogo Galego de Especies Ameazadas, Lei 42/2007 e a Directiva 92/43/CEE.

A lei 9/2001, d2 21 de agosto, de Conservación da Natureza, no seu artigo 10 determina que a Rede Galega de Espazos protexidos estará constituída por aqueles espazos protexidos que se declararen nalgunha das categorías do artigo 81.1, excepto as apartados h) e i).

Por elo, non se entende esa alusión nas conclusións da resolución a que: “Visto o Catálogo de Espazos Naturais Protexidos.....

ZONA PAISAXÍSTICA:

Outra distinción a ter en conta e a declarada de forma provisional como Lugar de Especial Interese Paisaxístico (LEIP) para a zona de Casas Vellas.

A Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación sostible da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos. No seu art. 9 regula os catálogos da paisaxe e sinala que estes son documentos de referencia que identificarán determinadas áreas como de especial interese paisaxístico.

O Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística do Deza foi aprobado polo decreto autonómico 171/2012, que sinala, entre outras cousas, que as LAT teñen un impacto severo pola ocupación que fan do espazo. Producen un impacto “que consideramos coma de magnitude alta”.

A Fraga de Casas Vellas é o entorno da FRAGA DE CATASÓS.

Por elo entendemos que a Memoria descritiva para a solicitude do ENIL Fraga de Casas Vellas está suficientemente documentada, segundo especifica o Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de Espazo Natural de Interese Local.

No vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lalín contémplanse como actuacións propostas para Casas Vellas “a protección de elementos singulares (arquitectónicos e naturais)”; entre as actuacións de carácter específico destaca "a protección das carballeiras situadas ao Norte e Surleste" e "Protección da zona de masas arbóreas situada ao Surleste".

Tendo en conta todo o anterior, e a numerosísima documentación de diferentes organismos públicos, entre os que cabe citar a do Valedor do Pobo, entre outros, que ten o Concello no seu poder, que desaconsellan a LAT nese espazo, entendemos que a resolución remitida ao Concello de Lalín con data de entrada en dito Concello do 28 de novembro de 2017 no se sostén, posto que non se pode obviar que o ENIL está redactado para unha **zona arbórea** e non de prados.

Dita zona está afectada en proxecto por unha LAT que actuaría sobre a súa masa arbórea.

Coidando que cando hai unha LAT non poden existir as árbores e a zona **declarada de forma provisional como Lugar de Especial Interese Paisaxístico (LEIP) para a zona de Casas Vellas desaparecería. Por elo resulta necesario contar coa declaración como ENIL da dita fraga.**

Cumpre destacar que este lugar de CASAS VELLAS leva moito tempo xerando polémica e discusión aquí en Lalín, fora de Lalín, en Galicia e nos medios de comunicación. En concreto, xa no ano 2014 comezaron as protestas que cristalizaron coa formación dunha Plataforma Cidadán **SALVEMOS CASAS VELLAS.**

Nesta dinámica de mobilizacións sociais e de protestas en contra da proxectada liña de LAT de Unión Fenosa Distribución SA., se teñen pronunciado polo impacto negativo que terá sobre a dita fraga, o catedrático do Departamento de Botánica **D. Javier Guitián, D. Asier R. Larrinaga e D. Pablo Guitián**, nun informe que se acompaña a este recurso, a modo de aclaración, para que teña coñecemento esa Entidade da súa existencia. Neste informe logo recollido na sentenza antes indicada se sinala que:

“Resulta coherente considerarlas como un único espacio de cara a una posible declaración de Espacio Protegido, lo que supondría una protección adicional del Monumento Natural da Fraga de Catasós”.

Simplemente da visual do terreo, vese que a Fraga de Casas Vellas sitúase e forma parte do entorno da Fraga de Catasós.

Tamén emitiu un informe o equipo multidisciplinar integrado po **Francisco Díaz Fierros Viqueira e Pablo Ramil Rego**, o primeiro Coordinador de la Sección de Ciencia y Naturaleza y Sociedad da USC, incidindo nos efectos negativos no medio ambiente que ocasionarían as obras da LAT.

Consta polo tanto nese expediente a existencia de valores singulares que merecen a protección da flora, da fauna e da paisaxe do lugar da FRAGA DE CASAS VELLAS.

Reitérase o que xa figura na Memoria Técnica do expediente. Destacamos aquilo que

pode considerar esa Consellería como elementos útiles e básicos para a reconsiderar a súa decisión e declare o ENIL pedido.

A esixencia deste requisito na dita resolución, de contar con valores ambientais coidamos está sobradamente acreditada no expediente.

Por elo entendemos que estamos diante dun acto administrativo **anulable**, a tenor do indicado no artigo 48.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do *Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* e que dita Resolución é nula.

CARBALLOS E CASTIÑEIROS CENTENARIOS:

Unha das principais marabillas botánicas do ENIL son os carballos e soutos do lugar. A madeira do carballo presenta un lento crecemento; nembargantes é das máis apreciadas.

A importancia principal destes carballos centenarios é o valor intrínseco que le confire a súa idade, ademais a súa madeira serve de cobizo e refuxio de aves nocturnas e outro tipo de especies do bosque, debido a cantidade de oquedades que presentan nos seus troncos, co que contribúe ao enriquecemento da fauna da zona de estudo. Estes bosques caracterízanse por ser bosques maduros e equilibrados, con alto valor paisaxístico. O seu principal interese radica en que son refuxio de distintas especies de fauna e incluso de flora. A maior parte da superficie delimitada para ser declarada como ENIL está ocupada por especies de carballos, castiñeiros, bidueiros, etc. Polas súas características particulares, estas especies acaban sendo colonizadas por un conxunto de plantas e animais exclusivos deste tipo de hábitat.

Os bosques autóctonos do espazo Casas Vellas ofrecen ás distintas especies de aves e invertebrados da zona, unhas condicións de alimentación, nidificación, refuxio e temperatura moito máis favorables que calquera outro lugar das proximidades dos límites do ENIL, onde se detecta un menor número de especies animais e vexetais.

Estes bosque correspóndense con distintos tipos de **Hábitats naturais de interese comunitario**, cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación recollidas no Anexo I da Directiva 92/43/CEE e na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e Biodiversidade. Aí se destaca a intencionalidade de declarar a esta superficie como ENIL Existencia de árbores

antigas.

Na zona afectada conséntase a existencia de máis de doce mil árbores (12.000). Resulta imposible elaborar unha relación minuciosa e detallada de todos eles. Non obstante na Memoria consta algún exemplar, que posúe unha antigüidade de máis de cento cincuenta anos (150 anos). Adxúntase de novo a fotografía.

Quérese sinalar que na páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente pódense consultar os distintos ENIL que de forma provisional ou xa de forma permanente son declarados cmo tal. Nas súas memorias contemplan para os seus estudos a mesma valoración que se contempla no ENIL da Fraga de Casas Vellas, xa que non pode ser doutro xeito, pois esa valoración é a que está vixente.

A modo de exemplo no ENIL **Puzo do Lago**, Concello de Maside (Ourense) ménciónanse como posta en valor do dito ENIL unha serie de carballeiras de 50 anos de idade, así como os seus castiñeiros. Pois ben, ese mesmo valor é o que se pretende que se teña en conta neste ENIL: os castiñeiros e os carballos antigos, así como o seu bosque de ribeira.

Na documentación aportada por este Concello a requirimento de 14-2-2017 para completar a Memoria Técnica pedíase expresamente entre outras cuestións, acreditar a certeza da existencia de árbores antigas dentro do ámbito do ENIL e en particular as que se atopan baixo a traza da liña.

O Concello respondeu a este requirimento o 24-2-2017 aportando uns contratos de arrendamento de determinadas fincas do lugar.

Estes contratos de arrendamento aportados, facilitados polos donos das fincas, datan de 1927. Nel constan as árbores que existen hoxe e que se poden contemplar. A súa antigüidade mediante a altura e diámetro pódese facilmente calcular.

Na Memoria Técnica sostén o Concello que contan con máis de cen anos. Resulta transcendente destacar isto para afirmar que a partires desa data non se contaron árbores na zona. Iso pódese verificar, se ese organismo ten vontade de facelo.

De momento o que consta é que esa Resolución nega a existencia de árbores antigas sen máis.

Por elo, como non se pode practicar ni propoñer proba nesta fase procedimental, esta parte non pode solicitar a verificación dos datos aportados por este Concello na súa Memoria Técnica de

xeito inicial en 24 de febreiro de 2017 sobre esas árbores antigas, pero coida esta parte que a mencionada Resolución non desvirtúa nin descualifica a Memoria Técnica, xa que simplemente dí que non hai árbores antigas.

Apórtase un anexo dun informe-estudo municipal que acredita a modo de muestreo que as árbores afectadas son árbores centenarias

Entendemos que a resolución ditada incorre en vicio de **anulabilidade**, porque consideramos que esas árbores son antigas, que está acreditada a súa idade de máis de setenta anos, que a meirande parte delas son centenarias, que polo tanto son antigas e que deben servir de base para a declaración do ENIL.

A esixencia infundada deste requisito de contar con árbores antigas na dita resolución, cando xa se mencionan no expediente, nos leva a de concluír o acto administrativo da resolución ditada **á consideración de acto administrativo anulable** a tenor do indicado no artigo 48.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Co fin de xustificar a concorrencia de valores ambientais singulares que merece unha protección especial, *a lei 11/1 7/2008, de Protección del Paisaxe de Galicia*, esixe a tramitación dun estudo de impacto e integración paisaxística encargado de avaliar os impactos que o proxecto da LAT poida ter. A sentenza que se aporta incide especialmente neste aspecto, destacando oa insuficiencia da mesma.

A Fraga de Casas Vellas queda fora da delimitación do Monumento Natural declarado por Decreto 76/2000, de 28 e febreiro da Consellería de Medio Ambiente, declarando monumento natural a Fraga de Catasós, pero se atopa no seu entorno, e a sentenza antes aludida considera necesario a tramitación dese documento de impacto paisaxístico.

Se nos atemos á declaración da Fraga de Catasós no Catálogo, no seu artigo 3. Areas de especial interese paisaxístico, indica que:

“O Catálogo das paisaxes de Galicia identifica a determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico, en atención aos valores naturais e culturais alí presentes”.

Art. 1.2.

A declaración como monumento natural implica a protección por parte da Administración dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos existentes na zona, mediante a regulación da utilización ordenado dos recursos, que garanticen o aproveitamento sostible das especies e dos ecosistemas e a súa restauración e mellora, par afacer efectiva a preservación da variedade, singularidade e beleza do seu ecosistema natural e paisaxe.

Estando declarada Monumento Natural a Fraga de Catasós dende o ano 2000, esa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio coñece, porque así o xustificou, que a dita fraga e o seu entorno contan con valores naturais para ser declarado como tal, nunha figura xurídica, a de Monumento Natural que ostenta un rango superior no artigo 9. d) da *lei 9/2001, de 21 de agosto de Conservación da Natureza*. Así consta no no dito expediente.

Conta así mesmo Cunha zona de Especial protección de Aves, declarada con posterioridade aos ditos informes do Consello de Cultura Galega, Cátedra de botánica da USC e Informe do Valedor do Pobo.

Reiterar unha vez máis que a sentenza que se aporta, alude á defensa da Fraga de Catasós e do seu entorno. A Fraga de Casas Vellás constitúe o seu entorno.

CUARTO.- En relación coa alegación presentada por **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A**, a Xunta de Goberno deste Concello acordou solicitar á Consellería a desestimación da mesma.

O feito de que o Concello non argumentara a súa oposición hai que entendela na situación xurídica procesal na que estamos: Hai un proceso xudicial en curso. A día de hoxe, o certo é que:

UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA carece de licenza municipal ou de calquera outra título para acometer as obras da LAT 132 KV O Irixo-Lalín.

A consideración xurídica e técnica segunda, recolle a opinión da Consellería de Economía e Industria, que ten aprobado o proxecto da LAT 132 KV. Dí textualmente que:

“E evidente que coa declaración do ENIL se podería derivar un entorpecemento para a execución do proxecto e por

consequente pódese causar un prexuízo ou danar un servizo público de carácter esencial, polo que esa posible perturbación do interese básico débese ponderar co interese ambiental que resulta dea declaración do ENIL, é dicir debe valorarse a prevaleta de ambos intereses, aspecto este último que leva de novo a lembrar que o promotor non acreditou a existencia de bosques antigos dentro do ENIL, nin baixo a traza da liña, como singularidade que motivaría tal declaración”.

Non obstante reiteramos o xa dito: **NON HAI TÍTULO HABILITANTE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS RECOLLIDAS NO PROXECTO PRESENTADO.**

A maior **ACLARACIÓN** e evidencia, apórtase a sentenza ditada polo xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, nº 18/2017, de 1 de febreiro de 2017, proceso iniciado por Unión Fenosa Distribución S.A. e no que impugnou a desestimación municipal presunta por silencio administrativo da súa petición de licenza urbanística municipal 2 de agosto de 2007 e logo posteriormente en 3 de xaneiro de 2012.

Esta sentenza está apelada por *Unión Fenosa Distribución S.A.* e pendente de resolver polo TSXG actualmente. Por tanto, a seguridade xurídica está recoñecida coa resolución xudicial.

Outro tema distinto son os posibles dereitos previos que alega a dita empresa, xa que conta cunha avaliación e declaración ambiental aprobada e co proxecto aprobado pola Consellería de Industria, pero que non son, nin poden, nin deben ser obxecto do presente expediente. Isto debera dicilo expresamente a mencionada resolución.

-Apórtase, a modo de aclaración, e para que teña coñecemento esa Consellería unha copia da mesma.

Continúa a consideración legal e técnica número dúas destacando que Unión Fenosa conta coa declaración de avaliación De impacto ambiental, e esa Consellería considerou viable a obra da LAT, sempre que se cumprisen as condicións da dita DIA.

Esa declaración quedou tamén desvirtuada pola sentenza de 1 de febreiro de 2017, do Xulgado do Contencioso-Adtivo nº 3 de Pontevedra que non a considera suficiente e que a entende como carente de xustificación para as obras que se pretenden realizar.

QUINTO.- En relación coas restantes alegacións presentadas:

- a) D. Manuel Taboada Estévez, de D. Luis Taboada Estévez, e José Taboada Estévez.
- b) de D. Maximino Ferradás Gómez e D^a Flora Gómez Taboada.
- c) Asociación de Petón do Lobo, Cova da Crea e o Ouriol de Anllóns;
- d) Unión Fenosa Distribución S.A..a) a d) do Petón do Logo.

Resulta transcendente indicar que as asociacións “*Salvemos as Fragas de Catasós*”, o 26.01.2017 e “*Petón do Lobo*” e “*Cova da Crea*” o 23 de febreiro e 2017 en sendos escritos demandan que se resolva de xeito positivo e no prazo máis breve posible a declaración do ENIL. Posteriormente, as asociacións o Petón do Lobo e a Cova da Crea varían a súa posición no expediente e opóñense á declaración de ENIL para dita zona.

No antecedente de feito segundo indicado, o *Servizo Provincial de Conservación de Natureza de Pontevedra* no seu escrito de 13.02.2016 di que:

“Será así mesmo necesario contar coa listaxe completa das propietarios afectados, total ou parcialmente, así como co compromiso escrito dos seus propietarios no que se reflicta a aceptación e asunción por parte deles dos usos e actividades que se vaian realizar nas súas fincas como consecuencia da declaración do espazo..”, no que: “Na páxina 10 do documento se sinala como un dos motivos da declaración e defensa á zona contra o proxecto de LAT O Irixo-Lalín. Estímase necesario definir a seguridade xurídica da declaración sobre este particular e as consecuencias que sobreveñan”.

Na consideración legal e técnica décimo primeira indícase que o Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Pontevedra da resolución administrativa se refire literalmente, non xa á necesidade ou á condición necesaria de contar cos consentimentos dos propietarios, senón a que:

... parece evidenciar a conveniencia da conformidade previa dos propietarios afectados...

O texto e a literatura dos documentos do expediente varía substancialmente. Pasamos de referirnos a un requisito ineludible á conveniencia de ter o consentimento dos propietarios dos terreos afectados polo ENIL solicitado.

O certo é que, examinado o Decreto 124/2005, de 5 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado, NON CONSTA NIN

SE ESIXE A NECESIDADE DE CONTAR CO CONSENTIMIENTO DOS PROPIETARIOS DOS TERREOS AFECTADOS POLO ENIL SOLICITADO.

Tampouco na resolución se menciona a posible existencia de xurisprudencia ao efecto.

O feito de non resultar imprescindible contar coa conformidade dos donos dos terreos ten a súa lóxica. En xeral, ningún propietario dos terreos dun ENIL promovido por unha entidade distinta do/s seu/s propietarios accedería ao mesmo, salvo que o plan de conservación sexa totalmente do seu agrado. Por exemplo neste caso de iniciación por unha entidade pública.

Outra cousa diferente sucede cos EPIN, espazos privados de interese local, figura xurídica, na que pola súa propia natureza e configuración, si resulta imprescindible contar coa dita conformidade.

En relación coa delimitación do ámbito do ENIL, o documento gráfico expresa e recolle as zonas e espazos que os técnicos consideran que cumpre preservar polos seus valores naturais e ambientais.

Non se aporta nin se xustifica outra delimitación alternativa, desde o punto de vista técnico, que haxa que rebater.

Finalmente, temos que destacar que este expediente é independente de calquera outro expediente en curso ou tramitación. As interferencias, efectos ou consecuencias que a resolución dun expediente, poda ocasionar na resolución doutro, non pode considerarse como desviación de poder.

A declaración do ENIL non pode empregarse como instrumento para conseguir fins ilícitos, porque non os persegue. O fin deste expediente é conseguir a declaración dunha zona a protexer, a Fraga de Casas Vellas. Elo non supón ningunha utilización irregular do procedemento nin dos fins do mesmo, porque non consta que exista título xurídico algún que contradiga esta posible declaración, ou que impida ou sexa contrario á dita declaración do ENIL.

A esixencia improcedente deste requisito na dita resolución nos leva a concluír que o

acto administrativo da resolución ditada ten a **consideración de acto administrativo anulable** a tenor do indicado no artigo 48.1 da lei 39/2015, d 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta lei 39/2015, de 1 de outubro, establece nos seus artigos 48 e 49 que:

O artigo 48. Anulabilidade.,

1.- Son anulables os actos da Adminsitración que incorren en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder.

Art. 49. Límites á extensión da nulidade e anulabilidade dos actos.

1. A nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.

No presente caso, o Concello de Lalín entende que os intereses xerais que ten que protexer se atopan por enriba dos intereses dos particulares, neste caso, dos donos de terreos afectados.

Coida doutra banda que consta sobradamente acreditado que no dito espazo como *FRAGA DE CASAS VELLAS*, concorren unha serie de valores singulares da flora, da fauna e da paisaxe coñecido que hai que preservar.

A modo de conclusións:

Tendo en conta a documentación aportada por este Concello de Lalín solicitando a declaración do lugar coñecido como “Fraga de Casas Vellas” como Espazo Natural de interese local, a calidade do dito soporte documental achegado, que resulta similar ás doutros traballos aportados, véxase a do **Puzo de Lago**, Concello de Maside (Ourense), coidando que as respostas solicitadas ás alegacións formuladas veñen referidas á unha falta de requisitos inexistentes como é a conformidade dos propietarios e á improcedencia da alegación de Unión Fenosa Distribución S.A. que carece de título para a execución de obras, e que en todo caso o que reclama resulta alleo a este expediente, e que finalmente non hai ningún obstáculo legal que iimpida a declaración do ENIL.

Contrastando a documentación remitida coa documentación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, coa categorías de hábitats naturais (NH) e cos fotogramas actuais.

Tendo en conta que resulta suficientemente acreditado que os valores naturais e ambientais que existen nesta Fraga de Casas Vellas xustifican a existencia de singularidades ambientais que esixe a lei 9/2001, do 21 de agosto e o Decreto 124/2005, do 6 de maio.

Considerando que a Resolución ditada imposibilita e nega a declaración da **FRAGA DE CASAS VELLAS** como ENIL e que adolece de vicios e defectos anulables e que por elo incorre por elo en vicio de **ANULABILIDADE**, do art. 48 da lei 39/2015.,

Visto o expediente, os documentos do mesmo, e tendo en conta todo o aquí escrito, por todo elo, **SOLICITA:**

Primeiro.- Que se teña por interposto **RECUSO DE ALZADA** ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio contra a Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 17 de novembro de 2017, que desestima e rexeita a declaración da **FRAGA DE CASAS VELLAS como ENIL**.

Segundo.- Que admita este recurso, que admita os documentos a modo de aclaración que se aportan e que se aluden e mencionan na solicitude formulada, que o estime e dite resolución, **anulando a Resolución de 17 denovembro de 2017** polos motivos e razóns anteriormente expostas e, no seu lugar, previa audiencia das entidades alegantes, e no seu lugar, **dite un novo acto administrativo de DECLARACIÓN DA FRAGA DE CASAS VELLAS COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL**.

Terceiro.- Subsidiariamente, pídese a anulación da resolución ditada e do expediente administrativo tramitado, retrotraendo as actuacións á fase procedimental previa á emisión por parte de informe polo Servizo Provincial de Pontevedra o día 13 de febreiro de 2016.

OTROSI DIGO.- Acompáñase ao presente recurso, a modo de *ACLARACIÓN* da documentación que consta no expediente ou aludida e mencionada no mesmo:

- *Anexo I. Informe do Consello da Cultura Galega aprobado na súa Comisión Executiva na xuntanza de 1 de abril de 2015.*
- *Anexo II. Informe do Catedrático de Botánica da USC, D. Javier Guitián, D. Asier R. Larrinaga y Pablo Guitián.*
- *Anexo III. Informe do Valedor do Pobo de 25 de febreiro de 2015 1995/2015.*
- *Anexo IV. Sentenza ditada polo Xulgado C. Admtivo nº 3 de Pontevedra de 1 de febreiro de 2017.*
- *Anexo V. Copia dunha fotografía incluída na Memoria de árbore centenaria do espazo aludido.*
- *Anexo VI. Informe-estudo dos técnicos municipais sobre as árbores afectadas na zona do ENIL solicitado de Casas Vellas.*

E, sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas